25n 2026 Día internacional da eliminación das violencias contra as mulleres



Propostas didácticas

PARA TRABALLAR NAS AULAS
DE **SECUNDARIA** O 25N

(CO)educando á par que (DE)construíndo

as.pg
ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA

CIG
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

Edita: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) e CIG-Ensino.

Autora: LAURA VEIGA. Xornalista, sexóloga e divulgadora

Permítese a reprodución parcial ou total dos contidos desta publicación sempre e cando se realice sen ánimo de lucro e se cite a súa procedencia e autoría.

Imaxes cuberta: Freepik.com

Xustificación

Segundo o recollido no informe *Intensificación dos esforzos para eliminar todas as formas de violencia contra as mulleres e as nenas: violencia contra as mulleres e as nenas facilitada pola tecnoloxía* da ONU, a violencia contra as mulleres e as nenas continúa sendo un dos problemas de dereitos humanos máis prevalentes do mundo. Esta ten graves consecuencias para a saúde e a vida das mulleres e das nenas, as familias, as comunidades e a sociedade no seu conxunto. Ademais, os rápidos cambios tecnolóxicos continúan xerando novos riscos no que respecta á violencia contra mulleres e nenas.

En concreto, en Galicia, só durante 2024,

> rexistráronse 7.602 denuncias por violencia de xénero [...] A cifra total implica que, de media, os xulgados de violencia contra a muller reciben cada día 21 denuncias por violencia de xénero, case unha denuncia cada hora.

tal e como recollía o diario *Praza* en 2025. Ademais

> en 2024, cinco mulleres foron asasinadas en Galicia polas súas parellas ou ex-parellas.

O 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, ofrece unha oportunidade educativa para traballar a prevención da violencia dende aprendizaxes adaptadas á idade á que se dirixen: coidado, respecto, autonomía, resolución pacífica dos conflitos, igualdade, pensamento crítico e un uso responsable das contornas dixitais. Isto concorda coa Declaración sobre a eliminación da violencia contra as mulleres, aprobada pola ONU o 20 de decembro de 1993, onde se recolle a obriga dos estados a condenar a violencia contra as mulleres, así como de aplicar unha política encamiñada a eliminala. Con este fin, deberán

> adoptar todas as medidas apropiadas, especialmente no sector da educación, para modificar as pautas sociais e culturais de comportamento dos homes e das mulleres e eliminar os prexuízos e as prácticas consuetudinarias ou doutra índole baseadas na idea da inferioridade ou a superioridade dun dos sexos e na atribución de papeis estereotipados aos homes e ás mulleres.

O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, sitúa a formación integral, os dereitos humanos, a cidadanía democrática e o pensamento crítico entre os fins da etapa. Ademais, esta guía tamén permite traballar a alfabetización dixital e mediática.

Metodoloxía

Esta proposta didáctica, dirixida ás aulas de Educación Secundaria Obrigatoria, parte dun enfoque preventivo, crítico e baseado nos dereitos humanos. A prevención da violencia machista trabállase non só a través da análise das súas manifestacións máis visibles, senón tamén mediante a identificación das dinámicas de desigualdade, control, discriminación e violencia simbólica que poden contribuír á súa normalización.

A metodoloxía será activa, participativa e baseada na investigación guiada. Partirase de situacións próximas á experiencia do alumnado, especialmente aquelas vinculadas ás relacións interpersoais, os grupos de iguais, as redes sociais, as plataformas dixitais, os contidos audiovisuais, os videoxogos, a publicidade e os medios de comunicación. Empregaranse dinámicas de análise de casos, aprendizaxe baseada en problemas, debates estruturados, análise crítica de contidos mediáticos e elaboración colaborativa de materiais.

A proposta busca que o alumnado desenvolva ferramentas para interpretar criticamente a información que recibe, recoñecer patróns de desigualdade e comprender como determinadas interaccións aparentemente inocuas poden contribuír á normalización da violencia. O profesorado asumirá un papel de facilitación e acompañamento, promovendo a reflexión e evitando respostas pechadas ou moralizantes.

A avaliación realizarase mediante unha observación cualitativa: analiza condutas atendendo ao contexto e aos patróns; distingue preocupación, desacordo, presión, control e violencia; xustifica conclusións con evidencias; propón respostas proporcionadas e vías de axuda; identifica límites e riscos da información dixital.

As producións do alumnado poderán adoptar formatos diversos: intervencións orais, debates, informes breves, producións audiovisuais, campañas de sensibilización, infografías ou guías colaborativas.

Ademais, poden utilizarse diferentes adaptacións:

- **1º e 2º da ESO**: casos próximos á realidade escolar e ás primeiras interaccións dixitais. Priorizar a identificación de estereotipos, presión de grupo, límites persoais e uso responsable das redes sociais. Empregar materiais visuais e exemplos concretos.
- **3º e 4º da ESO**: incorporar análise de relacións afectivas, dinámicas de control, violencia simbólica, algoritmos, desinformación, masculinidades e

representacións das mulleres nos medios. Favorecer a investigación autónoma e a argumentación sustentada en evidencias.

- **Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**: facilitar materiais adaptados, lectura fácil cando sexa preciso, esquemas visuais, organizadores gráficos, permitir diferentes formatos de resposta e sistemas aumentativos ou alternativos de comunicación. No caso do alumnado autista é preferible anticipar as tarefas, explicar explicitamente as dinámicas sociais presentes nos casos e poñer exemplos concretos, estruturando claramente os debates. No caso do alumnado con altas capacidades poden propoñerse investigacións complementarias, análise de estudos ou campañas reais e elaboración de materiais de sensibilización para a comunidade educativa.

Obxectivos xerais

- Identificar contidos problemáticos nas redes sociais
- Diferenciar contidos informativos, dubidosos e potencialmente perigosos
- Desenvolver criterios básicos de análise crítica
- Identificar relacións entre interaccións e recomendacións
- Detectar estereotipos e discursos discriminatorios
- Comprender a lóxica de amplificación das plataformas
- Reflexionar sobre o papel das plataformas dixitais
- Formular propostas de mellora
- Desenvolver pensamento ético sobre a tecnoloxía
- Sintetizar as aprendizaxes realizadas
- Elaborar ferramentas prácticas para outras persoas adolescentes
- Favorecer a transferencia a situacións reais
- Analizar criticamente a información recibida
- Identificar discursos discriminatorios
- Desenvolver alfabetización mediática

Actividades

Proposta principal: AUDITAR O ALGORITMO

Duración: 4 sesións de 50 minutos.

Idea central: o alumnado recibe un paquete de auditoría cun perfil ficticio de redes sociais e unha secuencia de interaccións. Ao longo das sesións deberá analizar como determinadas buscas, likes, comentarios e recomendacións poden favorecer a exposición a contidos estereotipados, misóxinos ou que normalizan comportamentos de control e violencia. A proposta non presente demonizar a tecnoloxía, senón comprender criticamente como funcionan os ecosistemas dixitais e que responsabilidades teñen tanto as plataformas como as persoas usuarias.

O paquete de auditoría é un conxunto de documentos ficticios que recrean a actividade dunha persoa usuaria nunha rede social durante varias semanas. A través de perfís, intereses iniciais, buscas realizadas, publicacións visualizadas, likes, comentarios, recomendacións do algoritmo, mensaxes privadas, notificacións e informes simplificados de uso, o alumnado debe analizar como determinadas interaccións poden influír nos contidos que a plataforma mostra posteriormente. O obxectivo é que o alumnado comprenda de forma crítica o funcionamento dos sistemas de recomendación, identifique estereotipos, discursos discriminatorios ou dinámicas de control que poden normalizarse nos espazos dixitais e reflexione sobre a responsabilidade compartida entre as persoas usuarias e as plataformas na creación de contornas dixitais seguras e respectuosas.

Por exemplo:

EXPEDIENTE DE AUDITORÍA 01: Perfil “Alex_15”

Documento 1. Perfil inicial

Idade: 15 anos

Intereses seleccionados ao crear a conta:

- Videoxogos
- Baloncesto
- Humor
- Música urbana
- Fitness

Contas seguidas inicialmente:

- Un equipo deportivo
- Un creador de contido de videoxogos
- Unha cantante
- Un humorista

Documento 2. Primeiras interaccións rexistradas

SEMANA 1

Publicación visualizada:"Cinco exercicios para mellorar no baloncesto"

- ✅ Visto completo
- ✅ Like

Publicación visualizada:"Rutina fitness para adolescentes"

- ✅ Like

Vídeo curto de humor:"Diferenzas entre rapaces e rapazas"

- ✅ Like

Documento 3. Novas recomendacións

SEMANA 2

A plataforma comeza a recomendar:

- Vídeo A: "As rapazas buscan rapaces con cartos"
- Vídeo B: "Tres razóns polas que os homes o teñen máis difícil"
- Vídeo C: "Se a túa parella fai isto, está a faltarche ao respecto"
- Vídeo D: "O problema do feminismo actual"

Alex non segue estes perfís, pero mira varios vídeos completos.

Documento 4. Evolución do algoritmo

SEMANA 3

As recomendacións aumentan.

Agora aparecen publicacións como:

- "Nunca deixes que a túa parella saia soa de festa"
- "Os celos son unha proba de amor"
- "Un home de verdade ten que mandar na relación"
- "As mulleres prefiren sempre aos homes con status"

Alex visualiza dous vídeos completos.

Documento 5. Cadea de comentarios

Publicación: "Os celos son unha proba de amor"

Comentarios: Usuario 1: "Totalmente certo"

Usuario 2: "Se non ten celos é que non lle importas"

Usuario 3: "Controlar o móbil da túa parella non debería ser raro"

Usuario 4: "Iso non é amor, é control"

Comentario con máis likes:

"Quen non ten nada que ocultar non debería preocuparse"

Non comenta nin comparte.

Documento 6. Conversa privada ficticia

Captura recreada:

Persoa A Onde estás?
Persoa B Cos meus amigos.
Persoa A Mándame unha foto.
Persoa B Para que?
Persoa A Porque me preocupo por ti.
Persoa B Xa che dixen onde estou.
Persoa ASe me quixeses non che custaría nada.

Documento 7. Informe técnico simplificado

Resumo das recomendacións:

Semana 1: Deportes 40 %; Humor 30 %; Música 20 %; Outros 10 %
Semana 2: Deportes 25 %; Humor 20 %; Relacións 30 %; Contido polémico 25 %
Semana 3: Deportes 10 %; Humor 10 %; Relacións 35 %; Contido polémico 45 %

Documento 8. Informe final para a auditoría

O equipo debe responder:

1. Que patróns observades?
2. Que estereotipos aparecen?
3. Que comportamentos de control ou presión se presentan como normais?
4. Que responsabilidade ten a persoa usuaria?
5. Que responsabilidade pode ter a plataforma?
6. Que medidas proporiades para evitar a difusión deste tipo de contidos?

EXPEDIENTE DE AUDITORÍA 02. Perfil "Lara_14"

Documento 1. Perfil inicial

Idade: 14 anos

Intereses seleccionados ao crear a conta:

Moda.
Música.
Baile.
Humor.
Series xuvenís

Contas seguidas inicialmente:

Un grupo musical
Unha creadora de coreografías
Unha actriz xuvenil
Un perfil de humor

Documento 2. Primeiras interaccións rexistradas

SEMANA 1

Publicación visualizada:"Ideas de roupa para o instituto"

✅ Like

Vídeo:"Coreografía viral da semana"

✅ Visto completo

Vídeo de humor:"Tipos de estudantes antes dun exame"

✅ Like

Documento 3. Novas recomendacións

SEMANA 2

A plataforma comeza a recomendar:

"Como conseguir o corpo perfecto para o verán"

"As rapazas populares teñen estas características"

"O que nunca debes facer se queres gustarlle a un rapaz"

"Comparando estilos: quen viste mellor?"

Documento 4. Evolución das recomendacións

SEMANA 3

Aparecen publicacións como:

"Se a túa parella revisa o teu móbil é porque lle importas"

"As rapazas que saen moito de festa non buscan nada serio"

"Como saber se a túa parella che está ocultando algo"

"Se realmente te quere, debe darte todas as súas contrasinais"

Documento 5. Informe para análise

O alumnado deberá identificar:

Estereotipos sobre a imaxe corporal.

Presións relacionadas coa aceptación social.

Comportamentos de control disfrazados de preocupación ou interese.

EXPEDIENTE DE AUDITORÍA 03: Perfil "Diego_16"

Documento 1. Perfil inicial

Idade: 16 anos

Intereses seleccionados ao crear a conta:

Fitness

Deportes

Motivación

Videoxogos

Actualidade

Documento 2. Primeiras interaccións rexistradas

SEMANA 1

Vídeo:"Rutina para mellorar a resistencia física"

✅ Like

Vídeo:"Consellos dun deportista profesional"

✅ Visto completo

Publicación:"Como organizar os teus adestramentos"

✅ Gardada

Documento 3. Novas recomendacións

SEMANA 2

A plataforma empeza a recomendar:

"Os homes fortes nunca mostran debilidade"

"Cinco cousas que fan os verdadeiros líderes"

"Por que os homes xa non son respectados"

"Como demostrar autoridade diante dos demais"

Documento 4. Evolución das recomendacións

SEMANA 3.

Entre as recomendacións destacan:

"Os homes deben tomar sempre o control da relación"

"Mostrar emocións é un sinal de fraqueza"

"A túa parella debe demostrarche lealdade constantemente"

"Se te cuestiona, está faltándoche ao respecto"

Documento 5. Informe para análise

O alumnado deberá identificar:

Estereotipos sobre a masculinidade.

Relación entre autoridade e control.Mensaxes que dificultan a expresión emocional.Posibles consecuencias destes discursos nas relacións persoais.

Sesión 1: Semáforo

Obxectivos específicos

- Identificar contidos problemáticos nas redes sociais
- Diferenciar contidos informativos, dubidosos e potencialmente perigosos
- Desenvolver criterios básicos de análise crítica

Desenvolvemento

1. Presentación do perfil

O alumnado recibe un perfil ficticio cun histórico de interaccións comerciais, deportivas, de entretemento e de actualidade.

2. Clasificación

Cada grupo utiliza un semáforo crítico:

- Verde: contidos informativos ou neutros
- Amarelo: contidos que requiren contraste ou reflexión
- Vermello: contidos que transmiten discriminación, estereotipos ou dinámicas de control

3. Posta en común

Discusión sobre os criterios empregados e sobre as dificultades atopadas para clasificar determinados contidos.

Sesión 2: Patróns

Obxectivos específicos

- Identificar relacións entre interaccións e recomendacións
- Detectar estereotipos e discursos discriminatorios
- Comprender a lóxica de amplificación das plataformas

Desenvolvemento

1. Reconstrución do percorrido

Os grupos analizan a secuencia de recomendacións recibidas polo perfil ficticio.

2. Detección de patróns

Analizan cuestións como canto cambian os contidos recomendados, que mensaxes aparecen de forma repetida ou que visións das relacións, dos homes ou das mulleres se transmiten.

3. Debate

Reflexión colectiva sobre a diferenza entre consumo individual e impacto social dos algoritmos.

Sesión 3: Regras de deseño

Obxectivos específicos

- Reflexionar sobre o papel das plataformas dixitais
- Formular propostas de mellora
- Desenvolver pensamento ético sobre a tecnoloxía

Desenvolvemento

1. Grupos de deseño

Cada equipo imaxina que forma parte dunha empresa tecnolóxica

2. Elaboración de propostas

Deben responder preguntas como que contidos deberían limitarse, como detectar discursos de odio ou violencia, como promover contidos igualitarios, que ferramentas de protección deberían existir.

3. Presentación

Cada grupo presenta o seu modelo de plataforma responsable

Sesión 4: Guía de supervivencia dixital

Obxectivos específicos

- Sintetizar as aprendizaxes realizadas
- Elaborar ferramentas prácticas para outras persoas adolescentes
- Favorecer a transferencia a situacións reais

Desenvolvemento

1. Creación da guía

Cada grupo elabora recomendacións sobre: verificación da información, xestión da privacidade, identificación de sinais de control, denuncia de contidos violentos, procura de axuda.

2. Produto final

As recomendacións combínanse nun documento que será accesible para todo o centro

3. Avaliación final

Reflexión individual sobre os cambios producidos na súa forma de interpretar as redes sociais.

Propostas complementarias

1. Anatomía dunha noticia

Duración: 50 minutos

Obxectivos específicos

- Analizar criticamente a información recibida
- Identificar discursos discriminatorios
- Desenvolver alfabetización mediática


O alumnado recibe varias noticias relacionadas coa violencia de xénero, a igualdade ou os roles de xénero e analiza a fonte da información, a linguaxe empregada, as emocións que busca provocar, as evidencias achegadas e os posibles intereses detrás da mensaxe. Para isto poden utilizarse publicacións feitas pola asociación Xornalistas Galegas (https://www.instagram.com/xornalistasgalegas/)

Como produto final o alumnado elaborará unha ficha de análise crítica fronte á información.

Exemplos:







2. O mapa das bandeiras vermellas

Duración: 50 minutos

Obxectivos específicos

- Identificar sinais temperás de control e abuso
- Diferenciar preocupación, conflito e violencia
- Coñecer recursos de apoio

En grupos, o alumnado recibe diferentes situacións relacionadas coa amizade, as relacións afectivas ou a vida dixital. Deben clasificalas como desacordo, presión, control ou violencia. Ao final constrúese un mapa visual coas chamadas bandeiras vermellas e bandeiras verdes das relacións.

Exemplos:

SITUACIÓN 1. Dúas amizades queren realizar actividades diferentes durante o recreo. Unha prefire xogar ao baloncesto e a outra quere quedar falando cun grupo de compañeiras. Tras conversar, cada persoa decide facer a actividade que máis lle apetece.

SITUACIÓN 2. Nun traballo en grupo, dúas persoas teñen opinións distintas sobre como organizar a presentación. Discuten as súas ideas e finalmente chegan a un acordo.

SITUACIÓN 3. Un rapaz insiste repetidamente para que a súa amiga lle conte algo persoal que ela non quere compartir. A pesar de que ela lle di varias veces que prefire non falar do tema, continúa presionándoa para que llo conte.

SITUACIÓN 4. Unha persoa pídelle á súa parella que lle envíe a localización en tempo real porque di que así queda máis tranquila. A outra persoa non se sente cómoda, pero acaba aceptando para evitar discusións.

SITUACIÓN 5. Un mozo enfádase porque a súa parella publica unha fotografía coas súas amizades. Pídelle que elimine a publicación porque considera que debería consultarlle antes.

SITUACIÓN 6. Unha persoa revisa frecuentemente a última hora de conexión da súa parella e enfádase se non responde ás mensaxes de maneira inmediata.

SITUACIÓN 7. Nun grupo de amizades, unha persoa é excluída deliberadamente das actividades e dos grupos de mensaxería para facela sentir mal.

SITUACIÓN 8. Alguén difunde un rumor sobre unha compañeira a través das redes sociais e anima a outras persoas a compartilo.

SITUACIÓN 9. Un rapaz comenta que non lle gusta que a súa parella pase tempo con determinadas amizades e intenta convencela para que deixe de quedar con elas.

SITUACIÓN 10. Tras unha discusión, unha persoa pide desculpas, recoñece o seu erro, escoita como se sente a outra e busca xunto con ela unha solución para evitar que a situación se repita.

SITUACIÓN 11. Unha persoa di constantemente á súa parella como debe vestirse porque considera que algunhas roupas non son apropiadas.

SITUACIÓN 12. Durante unha conversa en liña, alguén ameaza con compartir información privada doutra persoa se non fai o que lle pide.

Bandeiras verdes (relacións saudables):

Respectar os límites doutras persoas

Aceptar un "non" como resposta

Dialogar para resolver conflitos

Confiar sen necesidade de controlar

Respectar as amizades, afeccións e espazos persoais

Pedir desculpas cando se comete un erro

Bandeiras vermellas (sinais de alerta):

Controlar horarios, amizades ou redes sociais

Esixir contrasinais ou acceso ao móbil

Presionar para obter información persoal

Xustificar os celos como unha proba de amor

Illar a unha persoa do seu entorno

Ameazar, humillar ou difundir información privada.

Bibliografía

DOG, "DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (2022).

Organización de las Naciones Unidas, «Declaration on the Elimination of Violence against Women» (1993).

Organización de las Naciones Unidas, «Intensification of efforts to eliminate all forms of violence against women and girls: technology-facilitated violence against women and girls» (2024).

Praza.gal. «7.602 denuncias por violencia de xénero, novo máximo anual en Galicia, 21 por día» (2025).

Portal de Igualdade da Xunta de Galicia.

Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.

Portal Educativo da Consellería de Educación (EduXunta).

Instituto da Muller.

Recursos

Libros

O mapa da túa sexualidade, de Laura Veiga (Xerais, 2026)

Os homes explícanme cousas, de Rebecca Solnit (Hércules Edicións, 2019)

Todos deberiamos ser feministas, de Chimamanda Ngozi Adichie (Random House, 2015)

La mujer invisible, de Caroline Criado Pérez (Seix Barral, 2020)

Bárbaras!, de María Reimóndez (Xerais, 2021)

Feminismo para principiantes, de Nuria Varela (B de Bolsillo, 2013)

Series

Heartstopper (See-Saw Films, 2022)

Sex Education (Eleven Film, 2019)

Merlí (Veranda TV, 2015)

Anne with an E (Northwood Entertainment, 2017)

Ellas dan el golpe (Amazon Studios e Sony Pictures Television, 2022)


as.pg
ASOCIACIÓN
SOCIO-PEDAGÓXICA
GALEGA


CIG
Confederación Intersindical Galega
ENSINO